

16

WOMEX

THE WORLD MUSIC EXPO

Networking

Showcase Festival

Trade Fair

Conference

Film Screenings

Awards

virtualWOMEX



Santiago de Compostela

Galicia, Spain

19–23 October 2016

www.womex.com

“The most important international professional market of world music of every kind. This international fair brings together professionals from the worlds of folk, roots, ethnic and traditional music and also includes concerts, conferences and documentary films. It contributes to networking as an effective means of promoting music and culture of all kinds across frontiers.”

UNESCO
Global Alliance for Cultural Diversity



• Organización
• de las Naciones Unidas
• para la Educación,
• la Ciencia y la Cultura
•



WOMEX, The World Music Expo

WOMEX é encontro profesional para o sector das músicas do mundo, que inclúe unha feira profesional, uns 60 showcases (concertos, a maioría abertos ao público) que atrae a milleiros de delegados e empresas da industria musical de máis de 90 países.

Ademais, tamén acolle un **DJ WOMEX Summit**, un ciclo de cinema, conferencias e mentoring a cargo de 80 oradores e mentores de máis de 25 países; proxeccións de filmes, etc.

Os delegados e artistas proceden -máis do 90%- de fóra do Estado, constituíndo deste xeito unha das máis importantes citas culturais de carácter internacional que a nosa cidade teña acollido nos últimos anos.



WOMEX 16 en Santiago de Compostela

WOMEX 16 celebrarase, tal e como aconteceu en 2014, en dous entornos privilexiados:

DayWOMEX:

A feira profesional e outras actividades complementarias celebraranse no Museo Centro Gaiás e no CINC da Cidade da Cultura: conferencias, networking, mentoring, proxeccións de cinema...

NightWOMEX:

Máis de 60 showcases (concertos en pequeno formato) celebraranse en distintos espazos da Cidade Vella: Praza da Quintana, Auditorio de Galicia, Auditorio Abanca, Teatro Principal, Salón Teatro e Sala Capitol. E programación de cinema aberto ao público.



WOMEX 14, os datos (I)

- **2.400 delegados/as** (un 6,66% máis que 2013) e 1.470 compañías (+16,66%) de máis de 90 países.
- **Unha feira a rebordar** con 668 compañías exhibindo os seus produtos de máis de 47 países e 280 casetas.
- **Máis de 60 concertos** con 320 artistas en 7 escenarios.
- **200 xornalistas** nacionais e internacionais
- **400 discográficas**, editoras e distribuidoras
- **950 programadores** e organizadores de eventos
- **O terceiro WOMEX DJ Summit**, cun programa específico de showcases e conferencias dedicado á música global.
- **70 relatores e mentores** de 26 países en 22 sesións de conferencias; numerosos encontros de Networking, presentacións, recepcións e Speed Dating
- **Proxeccións de filmes** diarios en cooperación co IMZ - International Music + Media Centre de Viena.
- **Un novo programa** de proxeccións de películas polas tardes aberto ao público xeral, "From Berlin to the World"
- **O Opening Concert:** "Compostela - The Roots, the Way"
- **Tres premios WOMEX**, honrando a Mariza, de Portugal; Mário Lúcio Souza, de Cabo Verde; e o selo do ano, Glitterbeat Records, de Alemaña.
- **O WOMEX Radio Studio** organizado pola Radio Galega (Galicia), BBC (Reino Unido), NRK (Noruega), RBB (Berlín, Alemaña) e WDR (Colonia, Alemaña).



WOMEX 14, os datos (II)_ Galicia

- **Tres artistas galegos** en showcases do WOMEX (Davide Salvado, Uxía e Germán Díaz)
- **Dous artistas galegos** no Opening Concert (Xabier Díaz, Xosé Manuel Budiño e Mercedes Peón)
- **Once artistas galegos** na programación previa de Focus Galicia (Abe Rábade, Banda Crebinsky, Som do Galpom, Cuarteto Caramuxo, Sés, Sumrrá, Najla Shami, Rosa Cedrón, Caxade, Daniel Minimalia e Luar na Lubre)
- **400 postos de traballo** en produción (250 directos e 150 indirectos)
- **21 empresas do sector** musical galego, ademais de colectivos profesionais



O máis importante evento cultural en Galicia

Unha grande oportunidade para...

A música galega

A proxección internacional da cultura galega

A cidade de Santiago

O posicionamento de Santiago e de Galicia no mundo



Impacto do Womex 14 en Galicia

WOMEX 14 foi o máis importante evento cultural en Galicia dos últimos anos. Foi valorado como unha gran oportunidade para a música galega, pero tamén para a proxección internacional da nosa cultura e para o posicionamento de Santiago e de Galicia no mundo.

Ademais do feito de que WOMEX 14 foi a edición con máis asistencia de delegados dos últimos cinco anos (creceu un 6,6% con respecto ao ano anterior), cumpríronse os obxectivos estratéxicos que se marcaron desde a organización. Confírmouse WOMEX como unha ferramenta de transformación tanto para a cidade como para o sector musical galego e a forza de Compostela como un escenario e punto de encontro internacional.



Impacto económico

O 90% do orzamento da produción foi investido en empresas locais (alugueiro, soldos, escenarios, catering, etc.), con máis de 400 postos de traballo creados (250 directos e 150 indirectos). Nas últimas edicións a media do impacto positivo no PIB do territorio no que se celebrou foi de 2,5 millóns de euros, con efectos directos e indirectos no emprego en varios sectores, tanto antes, como durante e despois do evento.

Consideramos que o retorno obtido en termos de impacto económico directo e indirecto ronda os 2,5 millóns de euros en diversos sectores: hostalaría, comercio minorista, servizos de eventos, seguridade, transportes, etc.



Impacto na imaxe de marca da cidade e do país

A visibilidade que produce o impacto internacional da Feira provoca un importante impacto na imaxe de marca da cidade, do país, do seu tecido cultural e da súa industria musical.

O **WOMEX 14** acolleu a presenza de 200 xornalistas, a maioría deles internacionais, moitos dos cales realizaron programas de radio en directo desde Santiago de Compostela para o mundo. Foi o caso da BBC, da NRK noruega, e das alemanas RBB e WDR, entre outras, coa correspondente multiplicación das referencias a Santiago e a Galicia no mundo.

Eventos coma este supoñen unha contribución inescusable á promoción dun turismo de calidade, o posicionamento de Santiago como unha cidade axeitada para a realización de eventos internacionais e a desestacionalización do destino Santiago de Compostela.



Impacto na cultura galega

O WOMEX 14 -e a programación asociada do Focus Galicia- contribuíron a mellorar a proxección internacional da cultura e da música galega, así como a posicionar a música, a produción cultural e a creatividade feita en Galicia no mercado internacional.

Moitos dos artistas galegos presentes tanto en WOMEX 14 como no Focus Galicia (programación previa centrada nos músicos galegos organizada pola Xunta de Galicia) comezaron xiras internacionais.

Ademais, colocou a Cidade da Cultura no circuito internacional de eventos e proporcionou unha programación de calidade con máis de 45 concertos abertos ao público que puideron disfrutar composteláns e galegos e galegas en xeral.



Obxectivos do WOMEX 16

WOMEX 2016 supón unha continuación do camiño cara a...

- unha **estratexia** de internacionalización da nosa música e da nosa industria musical.
- o **reposicionamento da música** galega no novo contexto (dixital e internacional).
- a **proxección internacional** da nosa cultura.
- o **posicionamento de Santiago** e de Galicia como lugares con discurso propio a nivel internacional.
- a **reorientación de Santiago** como destino turístico de calidade.

((((piranha))) nordeésia

Quen organiza WOMEX 16?

WOMEX leva celebradas 21 edicións por toda Europa (en cidades como Berlín, Bruxelas, Estocolmo, Rotterdam, Sevilla, Copenhague, Tesalónica ou Budapest). Cada ano ten lugar nunha cidade europea distinta.

WOMEX está organizado pola empresa Piranha, con sede en Berlín (Alemaña), que tamén é responsable doutros eventos como Classical: NEXT (Viena), Porto Musical (Recife, Brasil) ou Atlantic Music Expo (AME), en Cabo Verde.

Como socio local forma parte da organización Nordeésia Producións. Fundada en 1996, esta produtora foi un dos axentes máis importantes da "world music" en Galicia e na Península. Desenvolveu a súa actividade principalmente no ámbito do management, da produción de eventos e na distribución de artistas internacionais. Presente en WOMEX desde 1997, Nordeésia ten un papel destacado na promoción internacional da música galega.



16) WOMEX

THE WORLD MUSIC EXPO

nordesia (((piranha)))

